



RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA C) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, GRUPO A ,SUBGRUPO A1

Por Resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura do 22/11/2021 publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, no taboleiro de anuncios electrónico e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra o día 23/11/2021, publicouse a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos (grupo A, subgrupo A1)

De conformidade co previsto no artigo 7 das bases reguladoras da convocatoria,

RESOLVO

Primeiro.-Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as.-Admitir aos/ás seguintes aspirantes:

- 1 AMARO AREA CRISTINA MARIA
- 2 AMIL LAREO IGNACIO MANUEL
- 3 CARRASCO GARCIA LAURA
- 4 CASAL ESCALONI CRISTINA
- 5 COUTO MESEJO ALVARO
- 6 DE LA MATA POMBO DIEGO MARIANO
- 7 DOCAMPO GONZALEZ CARLOS
- 8 GARCIA CASTELO MARIA
- 9 JUNCAL FROJAN EVARISTO
- 10 LOPEZ ALONSO MANUEL
- 11 MACEIRAS RIOS VICTOR
- 12 MERA RICO INES
- 13 NAVARRO RIAZA LUIS ANTONIO
- 14 PENA POSSEJACOBO
- 15 PEREZ FERNANDEZ PATRICIA
- 16 RODRIGUEZ CAÑAS RUFINO
- 17 RODRIGUEZ ESPIN MARCOS
- 18 SANTIDRIAN YEBRA-PIMENTEL MARTA SARA
- 19 SOBRINO SUAREZ CARLOS
- 20 YAÑEZ LAMAS JORGE



Segundo.- Listaxe de aspirantes excluídos/as.-

Ningún

Terceiro.-COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.- Consonte o disposto nos artigos 8 e 9 das bases reguladoras da convocatoria, a composición do mesmo queda integrado da seguinte forma:

Presidenta:

-Dona Marta de las Heras Rodriguez, xefa do Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra sendo a súa suplente dona María de los Desamparados San Martín Zamácola, xefa do Servizo de Persoal do Concello de Pontevedra.

Secretaria:

- Dona Encarna Dapena Losada, xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Vanesa Gómez Pacheco técnica da administración xeral da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo adscrita en comisión de servizos á xefatura do Servizo de Policía Administrativa, Vivenda e Servizos do Concello de Pontevedra.

Vogais:

- Don Miguel Aparicio Maceiras, xefe da OTMAIES do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Rosa Magdalena Fernández, arquitecta da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento do Concello de Pontevedra.

- Don Santiago Narciso López Fontán, técnico de mantemento de espazos públicos da OTMAIES do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jerónimo Centrón Castaños xefe de Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas do Concello de Vigo.

- Don Roberto Arias Sánchez, subdirector xeral de xestión do dominio público hidráulico de Augas de Galicia, sendo o seu suplente don Eugenio José Marcote Carballo, enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra

Os/as membros/as do Tribunal cualificador poderán ser recusados/as, cando nos/as mesmos/as concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- DATA, LUGAR E HORA DA CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN .- Determinar a data en que terá lugar a constitución do Tribunal Cualificador e a celebración do primeiro exercicio:

A Constitución do Tribunal terá lugar **o día 13 de decembro de 2021, ás 10:00 horas**, na sala verde da terceira pranta do edificio situada na rúa Michelena, núm.30.

-O primeiro exercicio terá lugar **o día 17 de decembro de 2021 ás 12:30 horas**, na Sala de Obradoiros pranta baixa do Pazo de Cultura situado na rúa Alexandre Bóveda s/n (planta 0)





P

Quinto.- Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Sexto.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas, do que eu, Secretario de Administración Municipal, dou fe.

